

***Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021***

Mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 adoptáronse medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Conforme o punto sexto do dito acordo, as medidas preventivas previstas nel deben ser obxecto de seguimento e avaliación permanente co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Das ditas medidas preventivas derívase o Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto do COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21 que é obxecto de revisión e adaptación constante para garantir a mellor resposta posible ante a evolución da situación epidemiolóxica.

Posteriormente, o día 27 de agosto de 2020 nunha reunión conxunta do Consello Interterritorial del Sistema Nacional de Saúde en coordinación coa Conferencia Sectorial de Educación someteuse á consideración das comunidades autónomas o documento denominado «Declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte ao COVID-19 para centros educativos durante o curso 2020/21 e en relación coa vacinación fronte á gripe». O dito documento foi aceptado polas comunidades autónomas como conxunto de actuacións coordinadas en materia de saúde pública e publicado no Diario Oficial de Galicia do 28 de agosto de 2020.

Para aplicar as medidas contidas no citado documento ditáronse as «Instrucións polas que se incorpora a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobada polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde Pública (DOG núm. 174 bis, do 28.8.2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto do COVID-19

nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21, na versión 31.8.2020.

De cara a garantir a adecuación permanente deste Protocolo dítase a Resolución conxunta, de data 22 de setembro de 2020, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba a actualización do “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”, así como os Protocolos de “prevención da transmisión da Covid-19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo” e o de “prevención da transmisión da Covid-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios” e, posteriormente, a Resolución conxunta das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba a actualización do “Protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021” e pola que se aproba o Protocolo de actividades extraescolares en centros educativos non universitarios.

O Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-21 (<https://www.edu.xunta.gal/portal/medidas-coronavirus>) establece que a suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas nel previstas relativas ao ensino a distancia.

Entre outras medidas para os centros educativos establece medidas de carácter organizativo, entre as que está a elaboración dun “Plan de Continxencia” específico de centro que será aprobado pola dirección, de conformidade coas previsións do modelo que figura no Anexo VI do citado protocolo, no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

O protocolo establece que o ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual de cada grupo.

O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles, xa sexa o libro de texto, os

achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Os retos e demandas da adaptación do sistema educativo a esta situación de pandemia derivada da Covid-19 cómpre que sexan abordados co máximo rigor científico e de xeito colexiado desde ópticas educativas complementarias e coordinadamente co traballo doutros comités científicos e autoridades sanitarias competentes.

Para tal fin, a Orde do 18 de setembro de 2020 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade crea o Comité Educativo de Persoas Expertas para afrontar a emerxencia sanitaria derivada da pandemia.

O Comité Educativo de Persoas Expertas ten como ámbito de actuación os aspectos relativos á adaptación do sistema educativo á situación de pandemia derivada da Covid-19. Dentro das súas funcións, se recolle a de propoñer e avaliar medidas educativas, organizativas e de xestión, que favorezan a mellor resposta posible desde criterios de inclusión, equidade e calidade, tendo en conta as particularidades e especificidades dos diferentes centros educativos.

A Constitución Española no seu artigo 27 regula a educación como dereito-deber protexido de forma privilexiada ao ser incluída entre os chamados dereitos fundamentais.

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación establece no seu artigo 18 a obriga da administración educativa competente e, en todo caso, órganos de goberno do centro docente a velar pola efectiva realización dos fins da actividade educativa.

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) na súa exposición de motivos declara que as administracións educativas deberán facilitar a todos os compoñentes da comunidade educativa o cumprimento das súas funcións, proporcionándolles os recursos que precisan e reclamándolles ao mesmo tempo o seu compromiso e esforzo. No seu artigo 71, ademais, sinala que as administracións educativas dispoñer dos medios necesarios para que todo o alumnado acade o

máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional así como obxectivos da citada lei. Corresponde ás administracións educativas garantir a escolarización.

A Lei orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, establece no seu artigo 2 o dereito a que o seu interese superior sexa valorado e considerado como primordial en todas as accións e decisión que lle atinxen tanto no ámbito público coma no privado. Aos efectos de interpretación e aplicación en cada caso do interese superior do menor deberá terse en conta, entre outros criterios, a satisfacción das súas necesidades básicas, tanto materiais, físicas e educativas como emocionais e afectivas.

Estas obrigas legais que os preceptos citados encomendan ao sistema educativo non decaen senón que cobran maior relevancia no actual contexto de emerxencia sanitaria derivada da pandemia por Covid-19. Garantir os dereitos fundamentais a satisfacción das necesidades básicas, en especial aqueles que afectan ás persoas menores de idade, é requisito imprescindible para dar cumprimento aos principios de establecidos na LOE, en especial garantir á calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.

O Comité Educativo, consciente desta necesidade na situación de pandemia, na reunión do día 09 de outubro de 2020, debateu sobre a o establecemento dun procedemento ante peches dos centros educativos, que poden afectar a aulas, ao centro na súa totalidade e mesmo a ámbitos territoriais tales como localidades, que dera lugar a un plan específico para esta situación extrema. Na xuntaza do 20 de outubro de 2020 avalou o documento de Plan de Continxencia ante peches presentado, instando á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a ditar instrucións precisas que garantan a súa aplicación rápida e homoxénea chegado o caso nos centros educativos para garantir o efectivo dereito á educación.

Por todo o dito, coa finalidade de ditar instrucións para a regulación dos procedementos que deberán seguirse no caso de peche de aulas ou centros como consecuencia da situación derivada da Covid-19 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia,

DISPONSE:

Primeiro:

Aprobar o “Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”, aprobado polo Comité Educativo de Persoas Expertas para afrontar a emerxencia sanitaria derivada da pandemia.

Segundo:

Aos efectos de garantir o dereito a educación do alumnado que como consecuencia da evolución da pandemia debe permanecer confinado nos seus fogares como consecuencia do peche da aula de referencia (grupo de referencia) do nivel educativo ou do centro no que está escolarizado, os centros educativos incorporarán ao Plan de Continxencia previsto no apartado 10.5 do “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021” as medidas contidas no Anexo I desta resolución.

Terceiro:

Este Plan será plenamente aplicable desde a data da súa publicación na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <https://www.edu.xunta.gal/portal/> ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020.

Este Plan de Continxencia será de aplicación con carácter subsidiario en situacións análogas tales coma confinamentos parciais de parte do alumnado ou profesorado dun centro.

Non obstante o anterior, o plan será obxecto de revisión e adaptación continua atendendo á evolución da pandemia, co fin de garantir a súa adecuación ás obrigas ou recomendacións sanitarias existentes en cada momento.

Cuarto:

As persoas titulares da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, poderán adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste Plan de Continxencia así como as medidas complementarias que sexan precisas de acordo coas circunstancias.

No portal <https://www.edu.xunta.gal/portal/> darase publicidade ás sucesivas versións do Plan de Continxencia revisado ou adaptado atendendo á evolución da situación sanitaria, segundo o previsto na presente resolución conxunta.

Quinto:

Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación.

Santiago de Compostela, ( data da sinatura dixital)

Manuel Vila López

Jose Luis Mira Lema

Secretario Xeral técnico

Secretario Xeral de Educación e  
Formación profesional